

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña

8/08/17
CONSERV

24/08/17



Exp. 2017/G003/000481

RESOLUCIÓN

Concesión Provisional subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2017.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de xuño de 2017 foron aprobadas as bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividades deportivas durante o ano 2017.

Na mesma sesión foron aprobadas as Bases específicas da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2017.

Ditas bases foron publicadas nos Bop da provincia de A Coruña nº 110, de 13 de xuño de 2017, e nº 114, de 19 de xuño de 2017 no referente á BDNS).

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por resolución de alcaldía de 4 de agosto de 2017, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 7 de agosto de 2017.

Vista a acta da xuntanza e o informe do servizo de fomento e programas deportivos, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Incrementar os importes globais correspondentes á "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2017", por importe de 1.200,00 € acadando así un importe global de 11.200,00 €, dado que unha vez resolta con anterioridade a "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2017" non se acadou o gasto máximo previsto; existindo un importe excedente de 1.200 €, e contemplando as bases específicas das convocatorias que o importe do crédito destinado ás mesmas poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206, do 21 de xullo, e no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A intervención municipal realizará os oportunos trámites. (Ambos créditos orzamentarios son imputables á mesma aplicación 3410/4890000 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor).

Segundo.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2017 ás entidades que se relacionan no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/4890000 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor (RC201700015821), sendo o importe total proposto de 11.200,00 €.

Terceiro.- Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal www.carballo.gal, no seu apartado deporte <http://carballo.gal/deporte/portada.php> e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións. No caso de non formular desestimento expreso, a subvención considerarase aceptada tácitamente. Resoltas as alegacións, se as houbera, concederanse con carácter definitivo as subvencións en materia de deportes pola Xunta de Goberno Local ou, no seu caso, pola Alcaldía. A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a resolución definitiva de concesión.



CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO A Coruña Exp. 2017/G003/000481

Anexo 1.- Subvencións concedidas para para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2017.

Entidade Solicitante	CIF	Obxecto	Total puntos	Importe Subvención	Coef Fin.	Orzamento Subvdo.a Xustificar
Asociación Deportiva Media Ducia	G70919405	Circuíto 12 horas BTT Carballo	58,02	995,76 €	3	2.987,28 €
Club Baloncesto ARTAI	G70226675	Copa Bergantiños 2017	39,11	385,00 €	2,00	770,00 €
Club Baloncesto ARTAI	G70226675	Memorial Lolí Varela	41,71	715,83 €	2,00	1.431,66 €
Club Ciclista Carballo	G15208879	Trofeo Concello Carballo 2017 e Trofeo Junior	65,20	1.118,98 €	1,51	1.689,66 €
Club Ciclista Carballo	G15208879	Campionato Galego de Ciclismo	57,20	981,68 €	1,43	1.403,80 €
Club Ciclista Monteneme	G15861271	XV Marcha Costa da Morte	58,21	999,02 €	3,07	3.066,99 €
Club de Xadrez O Toque Xiria	V70072582	Torneo de Xadrez SUB-2200 Concello de Carballo	38,50	660,76 €	1,60	1.057,22 €
Club Mais Motor	G70984425	VII Campeonato Galego de Autocross Carballo 2017	73,72	1.265,21 €	7,39	9.349,90 €
Club Mais Motor	G70984425	VIII Campeonato Galego de Autocross Carballo 2017	73,95	1.269,15 €	6,30	7.995,65 €
Judo Club Bergantiños	G70457411	Campionato de Judo do Nadal	28,33	486,20 €	1,43	695,27 €
Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Memorial Carlos Servando	53,92	925,40 €	1,49	1.378,85 €
Sociedade Deportiva Sofán	G15603376	Torneo Fútbol Base Sofán 17	81,40	1.397,01 €	2,86	3.995,45 €

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario
José Villán Fuertes

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (NIF: 76321421S) (FECHA: 08/08/2017), José Villán Fuertes (NIF: 09764560W) (FECHA: 08/08/2017)

Decreto N.º: 1951/2017 - Fecha de decreto: 08/08/2017
Versión imprimible

CVD: CprAsa0IqCjHJok4HyEP
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.